

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE MARZO DE 2017**

**LICENZAS  
FAVORABLES.-**

**LIC/1734/2016.- SAGRARIO FIDALGO ALDREY.-** Conceder licenza para legalización e finalización da consolidación do muro de contención existente na rúa da Brúa nº 28.

**LAP/165/2011.- JESÚS REY IGLESIAS.-** Conceder a modificación da licenza concedida con data 23/08/2015 para hotel de 3 estrelas sito na rúa das Casas Reais nº 20.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión da modificación da licenza concedida con data 23.08.2015 para hotel de 3 estrelas sito na rúa das Casas Reais, 20. LAP/165/2011.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para legalización e finalización da consolidación do muro de contención existente na rúa da Brúa, 28. LIC/1734/2016.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta da alcaldía relativa á execución do auto ditado no PO 575/2008 (Convenio Urbanístico de Brandía). Expediente XLP/3/2016.** Acórdase revocar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno con data 2 de setembro de 2016, que autorizaba a restitución en metálico da parcela edificada por LORYGAR S.L; e devolverlle a esa empresa a cantidade ingresada (116.596,16 euros). Acórdase autorizar ao alcalde do Concello de Santiago para asinar a escritura pública de devolución as parcelas que foron permutadas no convenio agora anulado.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do "Servizo de colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores do departamento de servizos comunitarios e medio ambiente".** Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 31.343,80 euros, máis IVE de 6.582,20 euros.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de "Subministro e instalación dunha área de xogos infantís no barrio de Meixonfrío".** Acórdase adxudicarlle o contrato á empresa LAPPSET ESPAÑA VR SL por un importe de 47.994,54 euros, máis IVE de 10.078,85 euros.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da suspensión temporal das obras de acondicionamento do local para "CASA DAS MULLERES".** Apróbase a suspensión temporal das obras de saneamento dos aseos do local destinado a "Casa das Mulleres", a conexión cos colectores existentes e o recrecido de morteiro de cemento, e o remate do pavimento do formigón pulido. Tamén se acorda a ampliación do prazo de tres semanas para o resto das obras, resultando a nova da límite o 23 de marzo de 2017.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da modificación do Plan Parcial de Ordenación do SUNP-34 na zona Z.2.B BOISACA.** Apróbase a proposta.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación da representación fronte á Deputación Provincial da Coruña e da solicitude de subvención, memoria e orzamento de actuacións para a promoción conxunta dos entroidos da Ulla a tramitar polo concello de Boqueixón diante da Deputación Provincial en representación dos concellos de Teo, Touro, Boqueixón,**

**Vedra e Santiago de Compostela.** Apróbase a proposta.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á resolución de solicitudes de bolsas de comedor escolar e/ou actividades extraescolares por causas sobrevidas.** Apróbase a proposta.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á convocatoria da Deputación Provincial da Coruña, da programación da REDE CULTURAL para o ano 2017.** Acórdase solicitar á Deputación da Coruña, ao abeiro da convocatoria da programación da Rede Cultural para 2017 unha serie de actuacións, cun orzamento total de 17.297 euros. Desa cantidade, 12.107,90 euros serían achegados polo Concello, e 5.189,10 pola Deputación da Coruña.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á PERMUTA DA CASETA DA PRAZA DE ABASTOS NÚMERO NC205, DA TITULARIDADE DE Dña. LUCÍA TOURÍS OTERO, POLA NÚMERO NC203, DA TITULARIDADE DE Dña CANDELARIA PÉREZ ROMA.** Apróbase a proposta.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao subsanamento de erro no acordo nº 111 da Xunta de Goberno de data 17.02.2017 relativo á "Concesión administrativa do uso privativo e normal do dominio público dos locais na nave 5 da Praza de Abastos de Santiago de Compostela".** Apróbase a proposta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á fusión por segregación de Transportes Mosquera, S.L. e Empresa Cuiña, S.L. á sociedade Autocares Rías Baixas S.L.** Autorízase a fusión por segregación de Transportes Mosquera S.L e Empresa Cuiña S.L á sociedade Autocares Rías Baixas S.L, de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que vinculen á empresa Transportes Mosquera S.L con este Concello entenderanse coa sociedade Autocares Rías Baixas S.L.

**2.- Proposta da alcaldía relativa a amortización de quilómetros do Lote I e III, do subministro de varios vehículos mediante renting, adxudicado a Noyamóvil SL.** Acórdase requirir á empresa NOYAMOVIL SL, adxudicataria do Lote I (Citroën C5 HDI 160 exclusive auto) e do Lote III (4 Citroën Berlingo Multispace Tonic HDI 90) do "Subministro de varios vehículos e os seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago" para que abone a cantidade de 1.064,26 euros ive engadido no conxunto de todos os vehículos polos quilómetros non consumidos durante o terceiro ano de arrendamento respecto dos quilómetros/ano estimados para cada un.